

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

19704 Orde FOM/3422/2011, do 4 de novembro, pola que se regula o despacho e enrolamento das embarcacións adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galicia.

A Lei 2/2004, do 21 de abril, creou o Servizo de Gardacostas de Galicia como un servizo público que depende funcionalmente da consellería competente en materia de pesca. Posteriormente, a Lei 6/2009, do 11 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, substituíu a súa denominación pola de Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galicia.

Este servizo conta con unidades operativas dedicadas á inspección, control, salvamento marítimo e loita contra a contaminación, cuxo obxectivo é garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, vixiar e inspeccionar as actividades reguladas pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, e realizar todas as actuacións necesarias para a protección dos recursos mariños.

Así mesmo, correspóndelle ao citado servizo apoiar a frota pesqueira galega mediante a realización dos servizos de busca, rescate e salvamento marítimo, así como a prevención e a loita contra a contaminación do medio mariño; estes dous últimos de acordo cos plans nacionais aplicables a esta materia.

As unidades pertencentes ao servizo están rexistradas na lista oitava do Real decreto 1028/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, e a actividade que realizan non ten por obxecto unha finalidade mercantil, xa que as súas tripulacións están formadas por profesionais do mar que teñen os debidos nomeamentos como persoal estatutario e laboral ao servizo da Administración autonómica ou pertencen a empresas que prestan os ditos servizos para a Xunta de Galicia.

Tendo en conta as misións encomendadas e a peculiaridade do medio en que se deben desenvolver, a operatividade das unidades exige que se dispoña dunha normativa específica, respecto do despacho das embarcacións, do enrolamento das tripulacións e doutras circunstancias que posibiliten que as embarcacións do citado servizo poidan estar operativas en todo momento, para o efecto de facilitar o seu labor no cumprimento das misións encomendadas.

Esta orde é consecuencia dunha petición formulada pola Xunta de Galicia, non obstante, existen embarcacións afectas á prestación de servizos de busca, salvamento marítimo e prevención e loita contra a contaminación que prestan a súa actividade sen ánimo de lucro e sen finalidade mercantil, tales como as pertencentes ou adscritas á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar) ou á Cruz Vermella do Mar, así como a outras dependentes de comunidades autónomas. Para elas pódese establecer un réxime xurídico similar ao que esta orde regula para o Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia, mediante a aprobación das normas correspondentes.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no seu artigo 86.3 atribúe as funcións relacionadas co despacho de embarcacións e o enrolamento das tripulacións ao Ministerio de Fomento; atribución que no ámbito normativo ten o seu reflexo na Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre o despacho de buques.

Finalmente, solicitouse informe da Xunta de Galicia e do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública en cumprimento do disposto polo artigo 24.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Despacho de buques das embarcacións adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galicia.

1. As embarcacións pertencentes ou adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galicia, matriculadas na lista oitava do Real decreto 1028/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, deberán formalizar o seu despacho nos seguintes casos:

- a) No momento de entraren en servizo.
- b) Anualmente, coincidindo coa renovación dos seus certificados.

2. Para a renovación anual do despacho deberánse presentar unicamente, ante os órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante, os certificados renovados e a correspondente lista de tripulantes.

Artigo 2. Listas de tripulantes.

As listas de tripulantes a que se refire o punto dous do artigo anterior deberán incluír todos aqueles tripulantes que poidan embarcar en cada buque (enrolamento múltiple), con indicación do seu cargo e da titulación profesional que teñan, que, polo menos, será a mínima requirida para o desempeño do posto que ocupen a bordo.

A lista de tripulantes, que será selada polos órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante, deberase levar a bordo en todo momento, e deberán coincidir os compoñentes da tripulación a bordo coa mencionada na lista.

Artigo 3. Formalización de enrolamentos.

Para efectos de control das tripulacións, os enrolamentos do persoal estatutario ou laboral adscrito ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia, que navegue en embarcacións adscritas ao dito servizo, formalizarase ante os órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante. Esta formalización levarase a cabo mediante a selaxe da cartilla marítima e a anotación nela do enrolamento múltiple. Para isto só será necesario presentar, xunto coa cartilla marítima de navegación, unha solicitude do Servizo de Inspección e Vixilancia en que figure o nome das persoas que se van enrolar.

Artigo 4. Excepcións.

1. No suposto de que deba prestar servizo a bordo das embarcacións do Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia persoal que non teña a consideración de estatutario ou laboral adscrito ao dito servizo, o seu enrolamento efectuarase logo de presentación da documentación exixida nos artigos 31 a 33 do Regulamento sobre o despacho de buques, aprobado pola Orde do 18 de xaneiro de 2000 e na forma prevista no seu artigo 36.

2. Terán a consideración de persoal alleo á tripulación os funcionarios e calquera outra persoa que, para a realización de actividades de inspección, científicas ou outras similares, deban embarcar nas unidades do servizo citado sen formar parte das tripulacións mínimas.

En relación co persoal citado no parágrafo anterior, non será exixible a subscripción de ningunha póliza de seguros, nos termos previstos no artigo 33.c) do Regulamento sobre despacho de buques, cando o citado persoal teña a condición de funcionario, persoal estatutario ou laboral adscrito a unha Administración pública.

Artigo 5. Control.

Sen prexuízo das funcións de control que corresponde exercer á Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia levará un control das tripulacións que saian ao mar nas embarcacións do citado servizo,

garantindo que as tripulacións dispoñen da titulación requirida e levan a súa tripulación mínima ao completo, debendo estar cubertos sempre os departamentos de ponte e máquina.

A información referida aos aspectos anteriormente citados estará á disposición dos órganos periféricos da mariña mercante.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Actos de execución.*

Autorízase o director xeral da Mariña Mercante para realizar os actos de execución material que sexan precisos para o cumprimento do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de novembro de 2011. O ministro de Fomento, José Blanco López.